

QUEN É ESE BECHO?

Texto e ilustracións de CARMEN QUERALT

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Cartón duro de cores. 17 x 22 cm. 26 páx. 10 €.

Quen é ese becho? (galego)

ISBN 978-84-8464-397-5. Acartonados. Prelectores.

¿Quién es ese bicho? (castelán)

ISBN 978-84-8464-396-8. Acartonados. Prelectores.

Qui és aquesta bestiola? (catalán)

ISBN 978-84-8464-900-7. Cartró. Pre-lectors.

Nor da zomorro hau? (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-854-1. Kartoizko orriak.

Quem é esse bicho? (portugués)

ISBN 978-989-749-031-6. Cartonados. Preleitores.

E quella bestiolina chi è? (italiano)

ISBN 978-88-95933-84-9. Cartonati. Prelettori.

Whose is that creepy-crawly? (inglés)

ISBN 978-84-8464-901-4. Hard boarded.

Desde lonxe, todos os bechos parecen iguais,
pero se te achegas, verás que...

“Quen é ese becho?” é un libro de cartón duro para pre-lectores e primeiros lectores aos que se lles presenta unha fauna diminuta que habita no noso contorno próximo malia que non reparemos nela. Porén, os protagonistas deste conto son criaturas ben simpáticas e curiosas.

Lonxe de xeralizar sobre o aspecto dos bechos, os lectores descubrirán que teñen tamaños, formas e aparencias moi diversas. O texto é breve e sinxelo, escrito con maiúsculas para familiarizar os máis pequenos coas letras e facilitarlles a lectura.

Trátase dunha proposta enfocada á descrición e ao recoñecemento dos personaxes a partir das súas características, ata chegaren ao verdadeiro protagonista, que é o lector ou lectora.

É unha obra cunha atractiva proposta visual. Nas ilustracións, realizadas coa técnica do collage, superpóñense trazos de cores, predominan os deseños básicos, as texturas e os contrastes cromáticos. A modo de xogo, as nenas e os nenos poderán descubrirse a si mesmos ao verse reflectidos nun espello incluído no interior do libro.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** a diversidade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** descricións, formas, tamaños, cores; características, diversidade; humor e creatividade; insectos, fauna; inclúe un espello no interior do libro.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/quen-e-ese-becho-g>

Carmen Queralt

(Madrid, 1952)

Formouse como ilustradora e diseñadora na Escola BAT, onde aprendeu Debuxo Clásico. Iniciou a súa traxectoria artística nos anos 90, principalmente no eido da ilustración infantil. Colaborou con diversas editoriais y con publicacións especializadas, como a revista Cavall Fort.

<http://carmenqueralt.blogspot.com.es>

